

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A., PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA MARCA BRAINLAB.

Santiago de Compostela, a 24 de abril de 2020.

REUNIDOS

Dunha parte, Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en representación da Consellería de Sanidade e do organismo autónomo adscrito á mesma, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, Rocío Mosquera Álvarez, directora xerente de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., no exercicio das funcións que ten atribuídas no artigo 31 dos novos estatutos da sociedade, aprobados pola Xuntan Xeral de Accionistas o 8 de outubro de 2019 tralo acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29 de maio de 2019 e publicados mediante Resolución de 22 de outubro de 2019 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

I.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril. De conformidade co artigo 31 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, que ten entre os seus principios reitores a cooperación intersectorial, a integración funcional dos recursos apostando por fórmulas colaborativas, a calidade dos servizos e a mellora continua, así como a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do sistema e a procura da suficiencia de recursos.

II.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

A Lei 1/2018, do 2 de abril, modificou a citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, establecendo na súa Disposición transitoria primeira (ordenación territorial transitoria) que en tanto non se desenvolvea regulamentariamente a ordenación territorial do Sistema público de saúde de Galicia prevista na lei, o ámbito xeográfico de las áreas, distritos e zonas sanitarias respectaría e tería en conta as

estruturas organizativas de xestión integrada. As estruturas (EOXIS) foron implantadas a través do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, como instrumento de organización, sen personalidade xurídica, no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde, para asumir con autonomía funcional, de forma integrada a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.

Posteriormente, o Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de saúde de Galicia, establece as sete áreas sanitarias, equivalentes ás áreas de saúde previstas na Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, como estruturas organizativas sen personalidade xurídica que xestionan, con autonomía funcional e de xeito integrado a xestión dos centros, recursos sanitarios, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde, nos seus respectivos ámbitos territoriais.

VII.- Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., é unha empresa pública autonómica creada por Decreto 229/1994, do 14 de xullo, baixo a denominación de "Instituto Galego de Medicina Técnica S.A.".

Por Decreto 209/2008, do 28 de agosto, procedeuse á modificación da denominación e obxecto sociais, pasando a denominarse "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.", medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública, para a execución das actividades que por elas lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, estando obrigadas a realizalas de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante.

A entidade instrumental ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. En particular, constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades: a promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito sanitario; e a prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.

VIII.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario económico, ao que non son alleas as Administracións públicas, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e minimizar custos, xestionándoos de forma mais eficiente.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, e que, neste caso, se concretan no presente convenio.

Doutra banda, a lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala non seu artigo 15.1, baixo ou epígrafe "acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común" que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a

satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo "cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior".

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa presupostaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

IX.- A tecnoloxía médica é considerada coma unha das variables clave que inflúen de xeito decisivo na calidade do proceso asistencial, facilitando o diagnóstico e a terapia para garantir a asistencia sanitaria en tempo e forma. O mantemento e a actualización continua do equipamento médico e os seus compoñentes, especialmente nos equipos de alta tecnoloxía, é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan así como para acadar a súa máxima dispoñibilidade e prolongar a súa vida útil. No caso do equipamento de alta tecnoloxía, que só pode ser mantido pola súa fabricante, a marxe de negociación é escasa, polo que a contratación centralizada e por un período amplo son practicamente os únicos mecanismos para negociar mellores condicións.

Por tal motivo, as partes intervinidas están interesadas en levar a cabo, a través do Servizo Galego de Saúde, a posterior licitación e contratación de ditos servizos e, para tal efecto suscriben o seguinte convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A", para o financiamento conxunto do contrato do servizo de mantemento integral e actualización continua do equipamento de alta tecnoloxía marca Brainlab. Trátase de equipamento de alta tecnoloxía das modalidades de Neurocirurxía e Radiocirurxía, incluídos os sistemas de planificación dispoñibles en rede para varios centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A". Preténdese con isto manter o dito equipamento nas condicións de seguridade e funcionalidade coas que foron deseñados pola súa fabricante, introducindo incluso as melloras desenvolvidas ao longo da vixencia do contrato, así como garantir o máximo tempo de dispoñibilidade do equipamento, tratando de evitar as paradas non planificadas e acortando a duración das que cheguen a producirse, e o máximo tempo de vida útil dos sistemas.

Segunda.- Organismos e entidades participantes.

Os organismos e entidades participantes son os seguintes:

- 1.- Servizo Galego de Saúde:
 - Área Sanitaria de A Coruña e Cee
 - Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos
 - Área Sanitaria de Santiago e Barbanza
 - Área Sanitaria de Vigo

- 2.- Galaria Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A.

Terceira.- Financiamento.



1.- O importe da achega das respectivas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, é para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2020-2024, ascenderá a un máximo de novecentos cincuenta mil setecentos setenta e catro euros con corenta e catro céntimos (950.774,44 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

Área	Subvención presupuestada	Centro	Recubridor	Marca	Modelo	Recurso público anual IVA excluido	Importe 2020 anual IVA excluido	Importe 2021 anual IVA excluido	Importe 2022 anual IVA excluido	Importe 2023 anual IVA excluido	Importe 2024 anual IVA excluido	Importe 2025 anual IVA excluido	Importe 2026 anual IVA excluido	Importe 2027 anual IVA excluido	Importe 2028 anual IVA excluido	Importe 2029 anual IVA excluido	Importe 2030 anual IVA excluido						
A Coruña y Cee	1501 412A 213	HUAO	Atención de urgencias	Brindis	Curva 1.2	25/12/20	2.527,00 €	2.527,00 €	0,00 €	0,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €						
					Elemento	25/12/20	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €			
					Elemento	25/12/20	2.527,00 €	2.527,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
					Total Área													2.527,00 €	2.527,00 €	0,00 €	0,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €
Lago A Morillo y Morillo de Lemos	2731 412A 213	HUAO	Atención de urgencias	Brindis	Curva 1.1	25/12/20	1.472,00 €	1.472,00 €	0,00 €	0,00 €	17.664,00 €	17.664,00 €	17.664,00 €	17.664,00 €	17.664,00 €	17.664,00 €	17.664,00 €						
					Elemento	25/12/20	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
					Elemento	25/12/20	1.472,00 €	1.472,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
					Total Área													1.472,00 €	1.472,00 €	0,00 €	0,00 €	17.664,00 €	17.664,00 €
Santiago y Barbanza	1571 412A 213	HUAO	Atención de urgencias	Brindis	Elemento	25/12/20	3.288,00 €	3.288,00 €	0,00 €	0,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €					
					Elemento	25/12/20	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
					Elemento	25/12/20	3.288,00 €	3.288,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
					Total Área													3.288,00 €	3.288,00 €	0,00 €	0,00 €	39.456,00 €	39.456,00 €
Vigo	3001 412A 213	HUAO	Atención de urgencias	Brindis	Curva 1.2	25/12/20	2.527,00 €	2.527,00 €	0,00 €	0,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €						
					Elemento	25/12/20	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
					Elemento	25/12/20	2.527,00 €	2.527,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €		
					Total Área													2.527,00 €	2.527,00 €	0,00 €	0,00 €	30.324,00 €	30.324,00 €

2.- O importe da achega de "Galería Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A." para a execución do obxecto mencionado na cláusula segunda para o período 2020-2024, ascenderá a un máximo de trescentos trinta mil euros con oitenta e dous céntimos (330.380,82 €), IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

Área	Subvención presupuestada	Centro	Marca/Modelo	Marca	Modelo	Recurso público	Importe 2020 IVA incluído	Importe 2021 IVA incluído	Importe 2022 IVA incluído	Importe 2023 IVA incluído	Importe 2024 IVA incluído	Importe 2025 IVA incluído	Importe 2026 IVA incluído	Importe 2027 IVA incluído	Importe 2028 IVA incluído	Importe 2029 IVA incluído	Importe 2030 IVA incluído		
Galería		Medicina	Sistema de Radiología	Sistema	Ecógrafo C	1501420	3.288,00 €	3.288,00 €	11.886,00 €	14.345,16 €	40.220,00 €	44.144,74 €	44.144,74 €	44.144,74 €	44.144,74 €	44.144,74 €	44.144,74 €	44.144,74 €	
			Sistema de planificación de Radiología		Ecógrafo D	2112120	2.018,00 €	2.018,00 €	15.144,00 €	20.342,24 €	21.416,20 €	24.213,36 €	24.213,36 €	24.213,36 €	24.213,36 €	24.213,36 €	24.213,36 €	24.213,36 €	24.213,36 €
			Total Galería					5.306,00 €	5.306,00 €	27.030,00 €	34.687,40 €	61.636,20 €	68.358,10 €	68.358,10 €	68.358,10 €	68.358,10 €	68.358,10 €	68.358,10 €	68.358,10 €

Cuarta.- Compromisos a desenvolver.

A Unidade administrativa xestora do procedemento de contratación será o Servizo de Contratación (Subdirección Xeral de Compras e Servizos) sendo o órgano de contratación a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, a través do que se canalizará tamén o financiamento correspondente aos centros de gasto do Servizo Galego de Saúde.

"Galería Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A." comprométese a aportar o financiamento previsto nas condicións e prazos indicados na cláusula terceira do presente convenio.

Quinta.- Expediente de contratación.

O procedemento de contratación que se tramite como consecuencia do presente convenio tipificarase como contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada, conforme ao previsto nos artigos 17, 19 e 22 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Para a adxudicación da contratación aplicarase o procedemento negociado previsto no apartado a)2º do artigo 168 da citada Lei 9/2017, por non existir competencia por razóns técnicas, e o expediente tramitarase de forma ordinaria. A contratación estruturarase nun lote único.

O orzamento base de licitación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, será o seguinte:

Orzamento base de negociación sen IVE	IVE	Orzamento base de negociación con IVE
1.058.806,00 €	222.349,26 €	1.281.155,26 €

O valor máximo estimado do contrato derivado do expediente de contratación, para os efectos do establecido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, será de:

Concepto	Importe	Posible modificación (máximo 20% do importe de adjudicación)
Contrato inicial	1.058.806,00 €	211.761,20 €
Posible prórroga (máximo 1 ano)	297.072,00 €	59.414,40 €
Total valor estimado	1.627.053,60 €	

No expediente de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación deste convenio, así como os certificados de existencia de crédito e a documentación correspondente que acredite a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan, sen que sexa preciso a formalización de garantías entre as entidades do sector público participantes.

A Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste convenio e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle reconece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coas demais entidades participantes.

Sexta.- Modalidade de actuación no financiamento conxunto.

A modalidade de actuación no financiamento conxunto que se aplica neste convenio é a denominada concorrencia subxectiva na posición do contratante, prevista no artigo 16 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

As partes asinantes quedarán obrigadas respecto do contratista, concorrendo á cotitularidade do contrato, e serán responsables directas cada unha delas da obriga de pagamento das cantidades comprometidas na cláusula segunda e terceira.

Cada participante deste convenio será responsable de aboarlle, ao contratista do contrato que se subscriba as contraprestacións correspondentes nos termos que se establezan no contrato e segundo o prezo acordado.

Polo tanto, cada parte deste convenio deberá aboarlle ao contratista soamente a súa parte e non será responsable do aboamento da outra parte. Esta cuestión deberá constar expresamente nos

correspondentes pregos da licitación.

Sétima.- Participación conxunta

Na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos participarán conxuntamente as partes asinantes, de xeito que o contrato resultante poida satisfacer axeitadamente as necesidades que se pretenden cubrir.

Oitava.- Vixencia

Este convenio producirá os seus efectos a partires da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que se extinga o contrato previsto, en todo caso ata o 30 de abril de 2024, sen prexuízo das posibles prórrogas que se acorden e instrumente a través dunha addenda a este Convenio na que se fixará a prórroga e os correlativos compromisos das partes.

Novena.- Modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima.- Comisión de seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde ou persoa na que delegue.

Undécima.- Publicidade

As partes consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio no rexistro público de Convenios, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que se debe de facer pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016.

As partes asinantes autorizan/consentem a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Décimo segunda.- Protección de Datos de Carácter Persoal


As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo terceira.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio no lugar e data sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde	Por "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A"
 Jesús Vázquez Almuiña	 Rocío Mosquera Álvarez

